

"POR FIN" Logo dun duro traballo conseguimos a nosa meta "Ir de excursión de fin de curso a PARIS durante unha semana" que é a nosa recompensa o esforzo feito o largo destes catro anos que levamos neste colexio; ademais de agradecerlle-lo os nosos pais tamen lle lo temos que agradecer os profesores que nos acompañaron (que se portaron moi ben) Bernardo, Jose Maria e Fe (organizadora) sen olvidarnos do conductor de EPSA Manolo que é un "campión"xa que ata falaba Frances;este deunos moita pena por culpa de que o primeiro día non deu aparcado e meteuse nun calexón sen saída e o 4º día averiouse o autobus e tivemos que andar en tren,metro,bus urbano e non coche de San Fernando pero o final todo saíu ben. foto

O primeiro día saímos do colexio con destino a San Sebastián onde vimos o paseo marítimo e a catedral; pero non tivemos moita sorte co tempo xa que chovia a cantos .foto

O segundo día logo de abandonar España e pasar a fronteira para Francia chegamos a Paris onde fixemos unha visita panorámica de paris nocturna con tres guías maravillosos (os nosos profesores)foto

Logo de durmir "toda a noite"xa estábamos listos para disfrutar de Paris. Comezamos a mañá cunha visita guiada por "Marie Andre"(un pouco antipática)e pola tarde con ela tamen fomos ver o Museo do Louvre onde puidemos ver varias obras das que faláramos anteriormente en sociais (A Liberdade Conducindo o Pobo, A coroación de Napoleón, a Mona Lisa...)pero aquí todos levamos unha gran desilusión ca Mona Lisa que é moi pequeniña.foto

O día seguinte fomos a "Disneyland Resort Paris"onde puidemos ver a todos os persoaxes de Disney, facer compras e subir en diferentes atraccións.Aquí todos recordamos a nosa infancia ata os profesores.Foto

Este día foi moi alterado xa que logo de subir a Torre Eiffel e visitar o palacio de Versalles cando queríamos regresar a Paris se nos averiou o autobus e chovendo bastante tivemos que voltar un tren pero foi unha nova experiencia e o mesmo tempo unha anecdotas xa que para andar por Paris tivemos que desprazarnos en metro e as persoas que iban nel que eran moitas decían "estes son `c' de Zapatero "foto

Como o autobus estaba averiado levantámonos tarde e fomos dar un paseo por todo Paris (Arco do Triunfo,Inválidos,Notre Dame,o Obelisco...) tamen fomos ver un pouco como xogaban a petanca xa que e un xogo moi importante en Paris e despois fomos mercar ó gran centro comercial de Lafayette e xa logo de cear fomos dar unha volta no barco polo río Sena pero está moi sucio aunque se vian case todos os monumentos dende alí e tamen foi onde se produciron encontros cunhas Canadienses e practicaron o inglés, cuns Bretóns e practicaron o Frances e algo de Bretón e tamen cun rapaz Ruso que non sei a lingua que falaba.foto

Xa é o penúltimo día da excursión e algúns temos moita gana de ver a nosos pais pero aínda temos que parar en Bourdeaux onde vimos moitas cousas pero so de noite xa que entre que chegamos e deixamos as maletas, ceamos... xa era noite.foto

Hoxe é o último día e queremos chegar xa as nosas casas pero antes paramos un pouco en Ponferrada onde pudemos ver por fora o Castillo dos Templarios eo Museo da Radio ademais dunha igrexa pero pouco a pouco xa estábamos en Sarria e despois de contar as anecdotas e ensinar as fotos creo que todos durmimos coma tolos ata o día seguinte. No autobus de camiño para a casa os profesores fixeronnos un pequeno test e para os gañadores houbo medallas o terceiro foi Iván (Callas), o segundo foi David Goyanes,e a primeira foi Andrea pero para todos o campeón, o mellor foi Manolo o conductor que é mundial.

Oxala que os que están este ano en terceiro o pasen tan ben coma nos na súa excursión.

ATA OUTRA E BOA SORTE

ESTER LÓPEZ ALBÍN 4º ESO B